Consulta de acollida. Na UDIAF O Deza o nº de casos novos atendidos ao longo do ano 2012 foi de 44, mentres que se mantivo o traballo asistencial con 66 nenos/as que xa foran atendidos ano 2011. O que supón respectivamente o 60 e o 40%. Na UDIAF O Salnés o nº de ingresos ao longo de 2012 foi de 43 (35%) e o nº de casos que continuaron a atención iniciada no ano 2010 foi de 81 (65%). Marcando certa estabilidade no nº de ingresos/ano en cada unidade. A maioría dos casos precisaron dúas consultas de acollida, consulta que normalmente desenvólvese en dous tempos: un primeiro tempo de entrevista cos pais co obxecto de que poidan centrarse no relato dos temas que lles preocupan e que o profesional dispoña de tempo suficiente para rexistrar esa narración nos seus propios termos. Un segundo tempo, posterior, na que a familia presenta ao neno ou a nena para a que solicita valoración. E na que dun xeito regular, nos menores de 6 anos realízase observación libre e aplícase unha escala de cribado transversal co obxecto de situar o nivel evolutivo dos nenos/as nas áreas de comunicación, motricidade grosa, motricidade fina, resolución de problemas e persoal-social.

Táboa 26.

Indicador: N° de consultas de acollida


UDIAF	Ano	Frecuencia	Ano	Frecuencia
DEZA	2011	82	2012	89
SALNES	2011	120	2012	78

UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa consultas acollida 2011-2012

Sesiões de diagnóstico. O nº de casos nos que se realizaron sesións diagnósticas complementarias foi 33 (por 35 no 2011) na UDIAF o Deza e 61 (por 64 no 2011) na UDIAF O Salnés totalizando 119 e 149 sesións respectivamente. A media de sesións nos 33 casos aos que se aplicaron probas ou observacións complementarias foi de 3,61 (por 3,37 no 2011) no Deza e 2,44 (por 1,61 no 2011) nos 61 casos recollidos na estatística do Salnés. Unha distribución que mantén diferenzas significativas. No Salnés case que o 50% das sesións son sesións únicas para nenos distintos, o que constitúe unha diferenza notable respecto do Deza, na que a maioría das sesións representan casos únicos nos que existe unha importante complexidade diagnóstica

Gráfico 1

Indicador : Sesións diagnóstico



UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa sesións diagnóstica 2012

Táboa 27

Indicador: Medias Sesión diagnóstico

UDIAF	Tipoloxía principal	Media 2011	Nº 2011	Desv. típ. 2011	Media 2012	N 2012	Desv. típ. 2012
DEZA	Total	3,37	35	2,269	2,44	33	2,397
SALNES	Total	1,61	64	1,255	3,37	61	1,988

UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa medias sesións diagnóstica 2011-2012

Sesións de apoio. O nº total de sesións foi 1982 (1973 no 2011) no Deza e 2180 (por 1879 no 2011) no Salnés o que resulta nun n.º medio de sesións de apoio/caso de 28,31 (28,47 no 2011 e 31,98 en 2010) no Salnés e 23,32 (por 26,66 no 2011 e 28,80 no 2010) no Deza, tendo en conta que 25 casos (por 38 en 2011) no Deza e 47 (por 67 no 2011) no Salnés non recibiron sesións de apoio se non outro tipo de intervencións.

Táboa 28

Indicador: Medias de sesións de apoio anual


		DEZA	SALNES
N	Válidos	85	77
	Outros	25	47
Media		23,32	28,31
Mediana		13,00	25,00
Asimetría		1,153	1,313
Error típ. de asimetría		,261	,274
Curtosis		,711	3,222
Error típ. de curtosis		,517	,541
Mínimo		1	2
Máximo		92	113
Suma		1982	2180
Percentís	10	1,00	5,00
	20	2,00	11,60
	30	4,00	15,00
	40	8,00	17,40
	50	13,00	25,00
	60	26,00	32,80
	70	32,00	40,00
	80	44,00	42,00
	90	57,60	46,80

UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa medias sesións apoio 2012

O histograma das sesións realizadas (Gráfico 2) revela unha distribución diferente.

Gráfico 2

Indicador: Percentís segundo sesións de apoio



UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa percentís sesións apoio 2011

Sesións de orientación. O Deza realizou 17 sesións de orientación por 128 no caso do Salnés.

Táboa 29

Indicador: sesións de orientación

		Salnés Frecuencia	Deza Frecuencia
Casos Válidos	1	28	8
	2	14	3
	3	5	1
	4	3	
	5	3	
	6	1	
	7	2	
	10	1	
	Total	128	17

UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa sesións orientación 2012

Coordinación de casos. O equipo do Deza completou 233 (226 en 2011) actuacións de coordinación (111 entrevistas e 132 accións) por 187 (166 no 2011) no caso do Salnés (128 entrevistas e 57 accións). No 50 % dos casos do Deza e no 48,4 % do Salnés os equipos

realizaron algunha acción de coordinación de casos con outras entidades, un 2,16 de media no Deza e 1,38 no Salnés.

Táboa 30

Indicador: Medias de sesións de coordinación

		2010	2011	2012
DEZA	Media	2,01	2,01	2,16
SALNES	Media	1,27	1,24	1,38

UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa sesións coordinación 2011

Altas. 23 casos dos 110 do Deza (20,9%) e 68 dos 124 do Salnés (54,8%) foron alta nas unidades, segundo a seguinte distribución

Táboa 31

UDIAF		Frecuencia 2011	Porcentaxe 2011	Frecuencia 2012	Porcentaxe 2012
DEZA	Outros			1	0,9
	Alta voluntaria	5	4,5	3	2,7
	Derivación	2	1,8		0
	Falta de asistencia	7	6,3	2	1,8
	Idade	1	,9	3	2,7
	Obxectivos logrados	18	16,1	14	12,7
	Total	31	29,5	23	20,9
SALNES	Alta voluntaria	4	3,0	2	1,6
	Cambio residencia	2	1,5	2	1,6
	Derivación	7	5,3	4	3,2
	Falta de asistencia	3	2,3	5	4,0
	Idade	15	11,3	22	17,7
	Obxectivos logrados	18	13,5	33	26,6
	Total	59	36,8	68	54,8

UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa motivos alta 2011-2012

c) CALIDADE DOS PROCESOS ASISTENCIAIS.

Refírese ao rexistro das sesións de traballo co coordinador da AGAT, ás sesións de traballo interno do equipo interdisciplinario, actuacións de formación continua e actuacións de sensibilización e coordinación dirixidas ao ámbito territorial

- **Unidade do Deza.**

Prestacións comunitarias e calidade: 26,5/mes

Táboa 32

UDIAF DEZA	2010	2011	2012
Nº de sesións de coordinación/supervisión	1	1	1
Nº de sesións de equipo interdisciplinario	7,8	7,8	8
Nº de actuacións coordinación comunitaria	2,9	12,53	17
Nº de actuacións de formación	0,9	0,3	0,3
Nº de actuacións de sensibilización	0,7	0,7	0,2
Total	13,3	22,33	26,5

- **Unidade do Salnés**

Prestacións comunitarias e calidade: 22,50/mes

Táboa 33

UDIAF SALNES	2010	2011	2012
Nº de sesións de coordinación/supervisión	1	1	1
Nº de sesións de equipo interdisciplinario	7,7	7,7	7
Nº de actuacións coordinación comunitaria	5,9	5,9	14
Nº de actuacións de formación	0,9	0,3	0,3
Nº de actuacións de sensibilización	1,0	1,0	0,2
Total	16,5	15,90	22,5

* Actividades de formación continua

Xaneiro

Módulo de xestión de procesos. Seminario de 8 horas de formación en **Avaliación da unidade**. Realizado o 13 de xaneiro de 2012 coas UDIAFS do Deza e do Salnés en Santiago de Compostela. Dirixido por Jaime Ponte, coordinador do programa

Abril

Módulo de formación continua

Técnicas e recursos relacionais para a práctica da psicomotricidade en A. T

Impartido por Xoana Balado Fernández, Psicomotricista, Unidade de Atención Temperá. Complexo Hospitalario A. Marcide Novoa Santos. Días 14, 21, 28 de Abril. Down Compostela. Santiago. Organizado por AGAT. Recoñecido de interese sanitario. 20 horas

- A comunicación pre-verbal: materiais, contidos e instrumentos.
- Exploración e recuperación das modalidades da sensibilidade sensoriomotriz.
- A construción de relacións enriquecidas

Xuño

Módulo de xestión de procesos.

Curso de formación en cooperativas de traballo asociado

Días 8, 15, 22 de xuño.

Impartido por Tino Gago, UGACOTA, Santiago de Compostela, 16 horas e dirixido aos profesionais e administrativos das UDIAF

Outubro

Módulo de formación continua

As Tecnoloxías da Información e a Comunicación no ámbito da Atención Temperá

Realizado o 6 de Outubro de 2012 no MUPEGA de Santiago de Compostela, cunha duración de 7 horas. En colaboración AGAT con TADEGA

- Internet e as novas tecnoloxías da información e a comunicación
- Pizarras, ordenadores, creación de ferramentas de interacción, contos multimedia, tablets, apps, consolas de xogo,.... Utilidades
- A web e a búsqueda de información: os portais de referencia
- Os blogs das familias e dos profesionais. A comunicación de experiencias e a creación de novas redes e comunidades de apoio
- Presentación da investigación: O contexto familiar nos programas de Atención Temperá

Decembro

Módulo de xestión de procesos.

Durante todo o ano 2012 continuou o traballo de preparación e informatización dos procesos das UDIAF. Proceso rematado co curso de formación práctica sobre a aplicación

Aplicación informática UDIAF

Realizado o día 12 de decembro no CDTIC de Santiago de Compostela, cunha duración de 7 horas. Impartido por Jaime Ponte, coordinador do programa e dirixido aos profesionais e administrativos das UDIAF

Febreiro- Decembro

Módulo de formación continua. Actividades de coordinación, supervisión e seminario online de discusión de casos co coordinador da AGAT, Jaime Ponte

Dende o punto de vista cualitativo, en canto ao análise da calidade asistencial e a presión asistencial que soportan as dúas unidades, durante o ano 2012 as listas de espera mantivéronse no Deza no entorno das 30 familias mentres que no Salnés reducíronse ata a súa práctica desaparición.

Táboa 34

Indicador: Lista de espera

UDIAF	Categoría	Inicial	Final	Desviación.
DEZA	Total	32	33	+1
SALNES	Total	33	1	-32

UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa medias sesións diagnóstica 2011

d) AVALIACIÓN DE ESTRUTURAS E SOPORTES

Infraestrutura das unidades

O local do Salnés presenta problemas funcionais derivados do feito de compartir o uso da sala de psicomotricidade e a de logopedia no Centro Sociocomunitario de Vilagarcía o que obriga a perder tempo frecuentemente no montaxe/desmontaxe da sala. As instalacións necesitan unha renovación.

O local Deza está ben acondicionado e sen problemas de accesibilidade nin de tipo ambiental.

Soportes e procedementos

Como resultado das avaliacións previas durante 2012 realizouse un proceso de renovación dos sistemas de soporte dos procesos, incluíndo a configuración dunha nova base de datos que permita diminuír e facilitar o tempo de consulta de información creando interfaces máis axeitadas ás necesidades dos profesionais e conforme a experiencia do traballo realizado na xestión de caso.

Iniciouse a implantación dunha aplicación informática innovadora no eido na Atención Temperá (Aplicación UDIAF) para a xestión de caso incorporando:

- Sistema de xestión con desenvolvemento en Python.

- Interfaces web de usuario e backoffice.
- Integración de información e sistema de análise de estatísticas.
- Exportación e backup de datos.
- Novas interfaces de traballo de caso:
 - o Da información da base de datos e dos rexistros individuais, para permitir o control e información puntual de cada expediente
 - o Das regularidades da consulta de acollida
 - o Da folia de evolución e procesos
 - o Sistema de informes
 - o Mapa de recursos
 - o Mapa evolutivo
 - o Módulo documental
 - o Mapa de avd
 - o Módulo de programación
 - o Mapa diagnóstico de conformidade coa ODAT

Tamén en 2012 modificouse o sistema de recollida de datos en Excel e a demanda da Comisión de seguimento do Plan Integral de Atención para as Persoas con Discapacidade 2010-2013 na recollida de datos rexístrase o nº de persoas por caso individual que son atendidas co obxecto de coñecer o nº de familiares que participaron nas sesións de apoio así como outros profesionais vinculados a recursos de apoio cos que se estableceu colaboración.

Outras modificacións son as referidas á identificación dos procesos de traballo, ante a evidencia de que moitos deles quedan insuficientemente reflectidos na actual disposición de categorías. Cara a 2013 as UDIAF traballarán co seguinte modelo de actos profesionais:

Glosario dos Códigos de Tipoloxía de Actividades

ca : Consulta de acollida. Para recibir as demandas personalizadas nas UDIAF. Cada consulta debe contabilizarse como dúas sesións pola súa importancia, longa duración e tempo necesario par ao análise e transcripción

dx : Sesión de diagnóstico. Para estudar, avaliar e orientar as prestacións personalizadas das UDIAF. Engadir o nº de veces que o caso foi tratado polo equipo

ap : Sesión de apoio. Para realizar apoios complexos dentro das prestacións personalizadas propios das UDIAF. Rexistrar tódalas actuacións realizadas co neno e coa familia en sesións de 1 hora incluíndo á devolución ás familias e os tempos de transcripción para o rexistro de evolución e procesos

or : Sesión de orientación ou seguimento. Para realizar apoios sinxelos, de asesoramento, orientación ou seguimentos dentro das prestacións personalizadas

propias das UDIAF, mediante actuacións previas ou posteriores á intervención na propia UDIAF

ec: Entrevista de coordinación. Para realizar entrevistas presenciais de coordinación con outros recursos dentro das prestacións personalizadas das UDIAF. Incluindo tamén aquelas entrevistas telefónicas que poidan superar os 30 minutos de duración.

ac: Acción de coordinación: Para realizar actividades non presenciais de coordinación con outros recursos dentro das prestacións personalizadas das UDIAF e en todo caso dunha duración inferior aos trinta minutos

gf: Grupo de familias: Para conducir as actividades dos grupos de familias dentro das prestacións personalizadas das UDIAF

inf: Informes : Toda actuación que implica a emisión de información escrita sobre o curso da intervención na que se especifican aspectos de valoración ou intervención, por exemplo informes de devolución, informes para as familias, PIATS, etc. Para implantar en 2012

out: Outros : Outras actuacións de apoio as familias non incluídas nas categorías previas como por exemplo consultas telefónicas puntuais

Códigos de Rexistro de Sesións de Apoio

Para as carpetas de expedientes

- **N**: Sesión de apoio individual con el niño
- **F**: Sesión de apoio con la familia
- **X**: Falta xustificada
- **SX**: Falta sen xustificar
- **A**: Anulación de sesión

e) INVESTIGACIÓN

- i.** Preparación do traballo sobre Dependencia realizado polas UDIAF en 2011 que serviu como base para a elaboración e a edición en 2012, por parte do Real Padroado de Discapacidade en colaboración coa Federación Estatal de Asociacións de Profesionais da Atención Temprá do traballo de investigación “Atención Temprá e Dependencia”.
- ii.** Colaboración para a elaboración por parte da AGAT do modelo lóxico para implantar dun xeito experimental durante 2013 unha aplicación informática provisional para a xestión de caso en Atención Temprá que levará o nome das propias unidades (Aplicación UDIAF).
- iii.** Seminario de grupo para a implantación en 2013 do sistema de codificación diagnóstica ODAT.

f) A SATISFACCIÓN DAS FAMILIAS¹

Táboa 35
Satisfacción das familias coa UDIAF do Deza


Infraestruturas e accesibilidade			
	2010	2011	2012
1. Estado das instalacións	4,52	4,3	4,44
2. Accesibilidade e horarios	4,52	4,1	4,47

Acollida e satisfacción			
	2010	2011	2012
3. Acollida recibida	4,8	4,7	4,89
4. Posibilidade de falar das nosas preocupacións e ser escoitados	4,8	4,7	4,92
5. Accesibilidade e dispoñibilidade dos profesionais	4,6	4,5	4,70
6. Satisfacción coa información, atención e orientacións que recibimos	4,7	4,5	4,78
7. Coordinación e colaboración da UDIAF con outros recursos servizos	4,6	4,4	4,47
8. Confianza nos profesionais da UDIAF	4,8	4,7	4,92
9. Grao de satisfacción global	4,6	4,4	4,75

UDIAF O Deza- Comparativa 2010-2012

Gráfico 3

Satisfacción das familias coa UDIAF do Deza



¹ Puntuación 1-5

O mellor

A amabilidade e confianza que dan
O persoal
O resultado co noso fillo.
El personal, sobre todo te hacen sentir cómodo y escuchado.
Trato humano, disponibilidad horaria, orientación.
Dende logo a psicóloga que nos atendeu
O trato que reciben os nenos.
Que sexa un servizo gratuito
O seu persoal. Son moi profesionais.
Paciente-traballador.
A atención que recibimos.
Os profesionais.
Comunicación e atención tanto ós nenos como ós pais.
O trato e a atención.
Que os pais aprendemos como educar mellor os fillos.
A ser atendidos.
Os profesionais.
O personal
La atención recibida, especialmente con el cariño que la logopeda trata al niño.
Os profesionais.
O persoal laboral
O trato e a confianza que dan.
A atención, a profesionalidade e o trato.
O persoal
Unha axuda para os nenos e os pais.
Os profesionais dp centro.
Hay comunicación, respecto entre padres y profesional.
O seu persoal.
De momento todo
O equipo humano que traballa nél, son profesionais que tratan os que lí van como uhna familia.

O peor

Os horarios limitados
Qué no sean más profesionales para que la lista de espera no fuera tan larga.
Non encontramos ningún problema
Que non teña máis profesionis para así poder ter máis sesións por rapaz.
Non aprecio nada negativo.
Sala de espera
Que están saturados, non teñen tempo, deberían ser máis xente,(son xeniales).
Non hay
O centro.
A necesidade de máis profesionais para atender a máis nenos.
Falta de recursos.
A dificultade de acceso a Unidade.
A ubicación.
Los horarios ya que los niños pierden horas de clases.
Que non poidan atender os nenos maiores de 6 anos.
Nada
Non ter sala de espera
Falta de fisioterapia
As listas de espera, debería haber máis xente.
Non teñen
Que non teñamos máis horas.
Nada
Que non teñan uns horarios máis amplos, que poidan ter máis tempo, e se fai falla que contraten máis, porque o que fan é verdadeiramente imprescindible.

Suxestións, queixas ou opinións

No noso caso sólo son boas palabras. Estamos moi agradecidos polo traro da UDIAF e pola axuda que lle prestaron ó noso fillo. GRACIAS.

O traballo destes profesionais non hai cartos que o paguen. Tanto a atención como o traballo cos cativos califico de 10. Gracias os responsables que fan isto posible.

Mi opinión sobre el servicio en general es muy buena y espero que nunca desaparezca.

Resaltamos como país a atención tan personificada que nos ofreceron. Estamos moi contentos cos resultados e sobre todo a atención e o interese recibido por Maia. Gracias.

Gustariame que tivesen actividades como musicoterapia, aquaterapia, etc...

Mellorar sala de espera, mellores xoguetes para as instalacións. (suxerencias). Queixas non temos. Pudera ser máis tempo cos nenos. (Opinión)

Debería haber máis xente traballando porque hai moitos nenos é as horas que lle meten a cada neno son insuficientes.

Intentar mellorar dentro do posible as carencias e deficiencias que haxa.

A UDIAF e unha unidade moi importante pos problemas que se teñen cos nen@s, xa que e unha axuda moi grande non só pos nenos senón tamén pos país. E unha gran axuda pa que os nenos reciban un empuxón pa se integrar na sociedade.

Que non se acabe nunca, que fan un gran traballo.

Non hai sala de espera.

Non teño queixas, e as opinións teriamolas que falar en grupo.

Creo que podía haber máis UDIF en todos los concellos.

Que institucións coma estas debería haber máis. Que os nenos son o futuro e que deben estar atendidos por institucións coma ésta. É unha magua que para enfermidades que tratan as Udiaf non haxa máis medios cando hai listas de espera para que te atendan en outros sitios. Que sigan apostando a Xunta por institucións coma ésta.

Táboa 36
Satisfacción das familias coa UDIAF do Salnés

Infraestruturas e accesibilidade


	2010	2011	2012
1. Estado das instalacións	3,6	3,5	3,69
2. Accesibilidade e horarios	4,1	3,9	4,40

Acollida e satisfacción

	2010	2011	2012
3. Acollida recibida	4,7	4,8	4,86
4. Posibilidade de falar das nosas preocupacións e ser escoitados	4,8	4,6	4,83
5. Accesibilidade e dispoñibilidade dos profesionais	4,6	4,5	4,78
6. Satisfacción coa información, atención e orientacións que recibimos	4,6	4,5	4,69
7. Coordinación e colaboración da UDIAF con outros recursos e servizos	4,3	4,4	4,43
8. Confianza nos profesionais da UDIAF	4,8	4,6	4,79
9. Grao de satisfacción global	4,6	4,4	4,74

UDIAF O Salnés Comparativa 2010-2012

Gráfico 4
Satisfacción das familias coa UDIAF do Salnés



O mellor

- El O trato que os profesionais teñen con nenos e proxenitores.
- Os profesionais que o atenden.
- O seu asesoramento.
- O personal, profesionais.
- A atención e o traballo.
- O traballo que realizan os profesionais.
- A terapeuta que atende o meu fillo
- O traballo que fan cos nenos.
- Los profesionales que te transmiten una seguridad que todo parece mas fácil, te escuchan y entienden.
- Para ser a primeira vez, gustame como funciona e o trato.
- A atención recibida.
- Os profesionales
- O personal.
- Sus profesionales, su calidad humana.
- Os profesionais.
- Os cariño e respecto que lle dan os nenos.
- A atención por parte da profesional.
- Las personas y profesionales que la integran.
- A xente.
- A implicación do personal co neno e a atención recibida.
- Os profesionais.
- A atención.
- A situación.
- Os profesionais.
- A atención e dedicación que se da os nenos.
- O trato individualizado.
- O personal.
- Ver que o neno mellora dia a dia e se sente a gusto.
- A atención que teñen cos nenos.
- amabilidad que hai
- O trato do personal e a profesionalidade que teñen.
- El personal que son atentos.
- Os profesionais.
- O apoio recibido.

Que os profesionais que taballan son moi agradables e atentos cos problemas

O peor

Non ter máis tempo.

As instalación precisan unha mellora.

Todo ben.

Quizais unha mellora das instalacións.

A falta de tempo para que os nenos reciban máis sesións.

O tramo de idade en que dan atención os nenos, debería ampliarse.

O horario de mañan so.

Que moita xente non sabe que existe, deberían saber da Udiáf médicos, garderías, colexio..... Para que cando faga falta acudir canto antes.

As instalacións un pouco antigúas.

As instalacións e que non haxa máis centros.

No sabría dicir.

Polo momento nada.

As instalacións e falta de medios adecuados.

Las instalaciones.

Os recursos.

A lista de espera.

Que debido a demanda os rapaces acaban os seis anos.

Non teño nada que dicir.

Falta información.

Horario.

Saber da súa existencia.

As instalacións que non son adecuadas para os nenos.

Nada

As instalacións non están moi ben acondicionadas.

Las instalaciones que no son adecuadas para los niños.

Solo unha hora semanal.

O non dar cuberto as necesidades de todos os nenos por falta de recursos (humanos, espaciais.....)

Suxestións, queixas ou opinións

Deberían dotar de maior orzamento este servizo.

Mellora un pouco as instalacións sobre todo as aulas onde se atenden os nenos, poñerlle máis xogos, etc.

Pero en liñas xerais nos como país estamos contentos, falta eso de que se saiba destes servizos pois a nos custounos dar con el, nin o médico de cabeceira, nin na gardería nin no colexio sabían del.

Espero que os recortes non cheguen aquí.

Personalmente estamos moi contentos con a evolución que está tendo o noso fillo desde que está aquí.

Deberían ser unhas instalacións aptas e con suficientes materiais para que se puidesen traballar cos diferentes nenos cos que se atopan as profesionais.

El estado debería mirar mas la buena función que haceis e implicarse mas.

Estamos realmente moi contentos coa atención que recibimos en todo momento a implicación dos profesionais co neno e o cariño que recibimos tamen os pais. A única suxerencia, por dicir algo, é que a sala de xogos podería estar un pouco máis quente agora no inverno. Gracias, sodes de moita axuda.

Necesitamos mellores instalacións e máis recursos para os profesionais que en Udiáf traballan.

Ningunha suxerencia ou queixa, opino que todo está ben.

Na miña humilde opinión poderedes ter máis acceso a información especializada coas familias por iso e a queixa de falta de información.

No tengo ninguna queja.

Darse máis a coñecer.

Reforma das instalacións.

8. CONCLUSIONES

1. As UDIAF, ao longo de 2012 consolidaron a súa presenza como **unidades de referencia** en Atención Temperá no seu ámbito comarcal pero tamén como experiencia innovadora de carácter profesional, compaxinando o seu labor asistencial coa formación continúa, coa investigación e a incorporación de novas tecnoloxías na xestión e na intervención. O aumento cuantitativo da demanda, que supera as cen familias en cada Unidade e no entorno do 2-3% de poboación 0-6 atendida, sinala a utilidade dos seus servizos, acadando un rango de cobertura óptimo en tan só dous anos e medio. A importancia da variable “comunidade” no “orixe da demanda” revela a existencia dunha opinión moi favorable entre as familias atendidas o que se confirma nos excelentes resultados obtidos nas enquisas de satisfacción tanto no aspecto cuantitativo como cualitativo, no que atinxe á calidade da atención prestada e a confianza que ofrecen as UDIAF . A distribución equilibrada desa mesma demanda entre os sectores educativos, sociais ou sanitarios expresa un alto grado de implantación global entre os recursos comarcais. Pero a idade media dos nenos atendidos revela un certo retraso na precocidade da derivación, a detección e a atención temperá nas primeiras idades. Esta desfase está descrita noutros procesos de implantación pero tamén pode estar influíndo a discontinuidade de profesionais de servizos esenciais na comunidade. Esta discontinuidade obriga ás UDIAF a realizar un traballo extra de presentación dos obxectivos das unidades ante os novos profesionais e asemade condiciona o coñecemento dos usuarios polos profesionais deses sistemas. En moitos casos son os profesionais das UDIAF os que dan a coñecer as problemáticas dos nenos atendidos aos novos profesionais que se incorporan as distintas redes.
2. A vista dos indicadores dende 2009, en canto a demanda anual e poboación atendida compróbase unha tendencia á estabilización pero unha insuficiencia dos recursos das unidades para atender satisfactoriamente esa demanda. Compróbase que para unha área de 40-50000 habitantes, manter a calidade asistencial e as actuacións interdisciplinarias de coordinación e apoio aos recursos comarcais a dotación básica do equipo interdisciplinario debe ser de 3 profesionais en xornada completa para o 2-3% da poboación que temos marcado como poboación diana. Ocorre tamén que pola discontinuidade dos recursos das redes ordinarias debilítase

a detección precoz e tamén as respostas preventivo-asistenciais de primeiro nivel. A fragilidade dos dispositivos de base facilita unha derivación as veces desordenada e de problemas evolutivos menores e outras veces tardía de problemas evolutivos maiores. A coordinación e a fluidez dos intercambios entre sistemas reséntese moito desta fragilidade. O nº familias atendidas por profesional está consolidándose nunha ratio excesivamente elevada para os estándares establecidos en AT con evidencia de sobrecarga profesional no caso dos coordinadores. Un aspecto que haberá que abordar no ano entrante.

3. Referido á tipoloxía dos casos, as calas realizadas sobre as correlacións entre esa tipoloxía e os niveles educativos ou de emprego das familias non ofrecen aínda indicios que sexan especialmente significativos tendo en conta a dimensión das mostras. Durante 2013, conforme aos acordos da avaliación anual implementaráse na estatística de caso a categorización das demandas das familias e a Organización Diagnóstica para Atención Temperá (ODAT) con obxecto de obter datos máis precisos da tipoloxía da demanda e comprobar o seu axuste á poboación diana. Asemade empezaremos a traballar sobre as diferenzas nas cargas de traballo entre uns procesos e outros no que se refire á intensidade dos apoios e das coordinacións fundamentalmente.
4. Nesta etapa as UDIAF melloraron significativamente a xestión de caso tanto no aspecto cuantitativo como cualitativo. Hai que ter en conta que un tanto por cento moi significativo dos expedientes da Atención Temperá son expedientes que incorporan cantidades inxentes de información, tanto procedente das familias como dos hospitais, centros de saúde, servizos sociais, centros educativo e d apropiada UDIAF. Os rexistros de curso evolutivos poden abarcar moitos meses. Coa implementación da base de datos de usuarios axilízase o acceso e rexistro das actuacións. Pero é necesario afondar no modelo lóxico para facilitar unha interface que permita un acceso doado á información do caso e as distintas variables que aporta sen necesidade de dilatados procesos de búsqueda tal e como ocorre hoxe. Asemade, coa publicación do proxecto de novo decreto de Atención Temperá e a previsión de contar cun sistema de historia única haberá que acomodar as interfaces á previsión de acceso dende outras redes ou sistemas.

5. Outro reto pendente, no que compre dar pasos é iniciar os traballos para avaliar os progresos evolutivos, condición “sine qua non” para avanzar na valoración das intervencións das UDIAF e das unidades de Atención Temprá en termos de resultados que midan realmente a competencia funcional das unidades en relación coa súa diana principal – o progreso dos nenos – e non tanto en termos cuantitativos de nº de nenos atendidos ou de satisfacción das familias, parámetros ambos que hoxe xa están en cuestión como indicativos de eficiencia na investigación máis recente.

INDICE DE TÁBOAS

Táboa 1.- Nacementos na comarca do Deza.....	8
Táboa 2.- Nacementos na comarca do Salnés.....	9
Táboa 3.- Memoria prestacións individuais na UDIAF Deza.....	14
Táboa 4.- Memoria prestacións individuais na UDIAF Salnés.....	15
Táboas 5, 6, 7, 8, 9.- Detalle das prestacións individuais na UDIAF Deza.....	16
Táboas 10, 11, 12, 13, 14,- Detalle das prestacións individuais na UDIAF Salnés.....	21
Táboa 15.- Indicador familias atendidas.....	28
Táboa 16.- Indicador porcentaxe de poboación 0-6 atendida.....	28
Táboa 17.- Indicador nenos atendidos segundo sexo.....	28
Táboa 18.- Indicador demanda por concello Deza.....	29
Táboa 19.- Indicador demanda por concello Salnés.....	29
Táboa 20.- Indicador orixe da demanda.....	30
Táboa 21.- Indicador demanda por tipoloxía do problema.....	31
Táboa 22.- Indicador educación do pai	31
Táboa 23.- Indicador educación da nai.....	32
Táboa 24.- Indicador emprego do pai.....	32
Táboa 25.- Indicador emprego da nai.....	33
Táboa 26.- Indicador consulta de acollida.....	34
Táboa 27.- Indicador medias sesións diagnóstico.....	36
Táboa 28.- Indicador medias sesións apoio anual.....	36
Táboa 29.- Indicador sesións de orientación.....	37
Táboa 30.- Indicador medias de sesións de coordinación	38
Táboa 31.- Indicador altas.....	39
Táboa 32.- Prestacións comunitarias e de calidade Deza.....	39
Táboa 33.- Prestacións comunitarias e de calidade Salnés.....	40
Táboa 34.- Lista de espera.....	40
Táboa 35.- Satisfacción das familias Deza.....	41
Táboa 35.- Satisfacción das familias Salnés.....	46

INDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1.- Indicador sesións diagnóstico.....	35
Gráfico 2.- Indicador percentis segundo sesións apoio.....	37
Gráfico 3.- Enquisa de satisfacción ás familias. Deza.....	44
Gráfico 4.- Enquisa de satisfacción ás familias. Salnés.....	47



asociación galega de atención temperá
<http://www.atenciontemprana.com>